

## O HERDO DE DÍAZ CASTRO

Alfonso Blanco Torrado  
Asociación cultural Xermolos

**Resumo:** Faise un balance do que supuxo a dedicatoria do Día das Letras Galegas a Xosé María Díaz Castro e descríbese o seu impacto entre a mocidade. Explícase como a autenticidade da súa escrita abraiou os que o descubriron como poeta e exprésase o desexo de que o seu exemplo de compromiso cunha lingua e unha cultura anime a todos a continuar no seu ronsel.

**Abstract:** This article offers an appraisal of the Day of the Galician Letters dedicated to Xosé María Díaz Castro and it describes its impact among young people. It focuses on the authenticity of Díaz Castro's poetry and the experience of those young people who discover him as a poet. It is also expressed the wish to continue on his path, his example of commitment to the Galician language and culture.

**Palabras chave:** Día das Letras Galegas, Real Academia Galega, mocidade lectora, compromiso idiomático e cultural, autenticidade poética.

**Key words:** Day of the Galician Letters, Galician Academy, youth readers, commitment to the Galician language and culture, poetic authenticity.

Cando xa declina o Ano Díaz Castro, quero agradecer á Real Academia Galega o ronsel que fixo alumear no noso pobo coa decisión de elixir este poeta coma o homenaxeado no 2014. E fágoos dun xeito especial dende a mocidade, as nenas e nenos, cos que tiveron a sorte de participar en máis de cen actividades. Porén, son testemuña de que se foi creando unha inxente sintonía con esta festa. Foi un acerto o seu nomeamento, como reflicte esa marea de recursos audiovisuais e literarios coa que forneceron a república das letras. Foi tal a pegada que a súa lírica é un manancial que reborda enerxía para sempre, acadando definitivamente que o autor siga sucando a nosa agra literaria máis alá da celebración anual.

Permitídemme que sexa un pouco intruso e, despois de escoitar os compañeiros da “táboa redonda”, que xa marcaron con fortuna o perfil da relixiosidade de Díaz

Castro, me aventure por outros camiños abusando da experiencia deste ano no berce do poeta e en todo o país, xa que estamos na derradeira intervención antes da clausura do simposio polo Señor Presidente da Real Academia.

En Guitiriz estamos a vivir a súa achega en todos os eidos da actividade: nas feiras e festas, na hostalaría, no ensino, nos encontros deportivos, no mundo da inmigración. Xa o teño dito: ao remate deste ano todos os nenos e nenas, ou mozos e mozas das Terras de Parga e Guitiriz van saber algún verso do poeta.

E tamén o seu sentido da transcendencia deriva desta vivencia das tradicións relixiosas na súa comunidade. Para Díaz Castro o misterio actúa dende as criaturas máis sinxelas, sen caer no panteísmo, cunha cosmovisión axeitada ao Deus de Xesús, que revelou a súa presenza no mundo a través dun neno ategado de frío nun comedreiro de animais. Xesús veu anunciar o Reino, que é a loita pola igualdade, a liberdade, a irmandade...

É verdade que Díaz Castro ten unha etapa máis devocional e confesional, froito da súa formación na familia e no seminario, pero á fin aliouse no franciscanismo. Defende o credo no que se criou, pero sen armarse con capa e espada, sempre dende a palabra creadora que busca a verdade. Como teño falado con Andrés Torres Queiruga que partilla esta mesa, só suxire porque é un grande místico:

Saben os ollos que hai tralo valado un Reino  
e que do anxo hastra o grilo brinca o gozo de Deus.  
E Deus dá boa fada ós ollos namorados  
que chegaron abertos ás portas do mencer.

Cómpre agradecer a Díaz Castro que ensine a valorar o que temos ao noso carón, o amor e a harmonía partillada cando difunde o canto misterioso da Terra, mesmo a través da luz que vai adquirindo distintas intensidades, dende o abrente, antes de que os paxaros coma o paporroibo se poñan a cantar, porque a transcendencia intuída impide o materialismo que cousifica todo:

Coma un río quixera eu ser: cantar  
con estrelas no lombo cara ó mar,  
deixando unha chorima en cada pedra,  
e unha bágoa de Deus en cada herba.

Nesta consideración da creación poética coma un servizo á sociedade, Díaz Castro axúdanos a inzar en autoestima e valoración a nivel persoal e como pobo, e non só a unha mocidade impactada pola súa nobreza de ficar, ata que morreu, na lingua que mamou. Arestora que tantas avoas e avós conviven horas cos netos

porque traballan nai e pai, o poeta subliña a excelencia da nosa cultura, en concreto a cultura rural, o leito da nosa identidade que os maiores temos que difundir.

E é neste leito no que temos que enmarcar algúns dos filóns da súa relixiosidade, na súa urda coa aldea e a parroquia na que naceu e medrou, xa que era fiel ás súas raíces e agradecido co patrimonio. En “Veleiqué os homes” insire trazos desta vivencia.

Pero a súa achega persoal é a mística. Converteuse no seu mellor valedor, dando un paso adiante nun tempo de alleamento, na Ditadura, o que ten que animar os maiores, orgullosos das súas raíces, a transmitilas sen complexos, como un manancial de saúde, de harmonía, que permite aprender a orientarnos neste mundo global sen esquecer o noso punto de partida. Pola contra, matínamos que a esta mocidade lle corresponde implicar a Galicia no escenario mundial dende a nosa identidade, porque temos recursos para competir como calquera outro pobo en moitos eidos. E non me refiro só á pesca, agricultura ou soberanía alimentaria, tamén á cultura, paisaxe, fala, recursos humanos, como están demostrando moitas e moitos deles en centros de investigación punta no mundo enteiro... Acredito que percibín nalgunhas e nalgúns militantes de colectivos xuvenís e alumnado de bacharelato devezos de dar a cara polo país das súas raíces, seareiros a través das redes sociais, do pobo que os arrola co seu espírito, orgullosos e orgullosas do seu destino... Nin as novas tecnoloxías nin a pertenza a este mundo global son unha traba para o noso futuro, senón a teima que ten que reforzar os vencellos co patrimonio que construíron os devanceiros. A mesma sensación que temos dende hai máis de trinta edicións no Festival de Pardiñas, Feira e Festa da Música e da Arte, xestionada por unha mocidade que goza das nosas artes en harmonía coas músicas e a creación de todos os pobos do mundo.

Díaz Castro viviu case toda a súa vida en cidades: Mondoñedo, Vilagarcía e Madrid, pero valoraba a sabedoría que foron enxergando os seus antepasados no mundo rural. O balbordo da capital non foi capaz de borrar a cultura que asimilou na infancia, que para el era o leito da súa procura como persoa e como creador.

## DISPENSÁDE...

Pero, dispensáde, penso que teño que aproveitar esta estada aquí para deixar constancia do que algún medio titulou como o “Potencial creativo de Díaz Castro” e, dende esta perspectiva, explicar a magnitude da actividade escrita, audiovisual e musical que espertou. A xente moza, por sensibilidade, agradeceu a sorpresa que supuxo descubrir a súa ampla formación en idiomas e tamén noutros eidos do saber, porque para traducir no Instituto de Investigacións Científicas tantas temáticas tiña que dominar un mínimo de moitas ciencias. Esta constatación xuvenil

serviulles para enchouparse na frescura do río de cadaquén que nos acompaña dende a crianza. A mocidade refuga a rutina, as consignas xa machucadas, e mergúllase con emoción e con iniciativa en caudais como o humanismo de Díaz Castro, con esta resposta efectiva de sinais creativos que están a avisar de que urxe que lles transmitamos o vizo do noso patrimonio, sen clixés, dende a vida de cadaquén, sen dispersarnos en ningunha teorización que non cadra co seu afán.

A lectura sempre fornece as persoas de novos recursos, Díaz Castro arrequece-nos con palabras que axudan a mocidade a transmitir as súas emocións, son como flashes que comunican o mundo dos sentimentos e soños. E sempre é importante a persoa que as pronuncia, por iso se xerou interese por coñecer ao poeta.

Mergullados nesta eclosión creativa quixemos nivelar a transcendencia desta realidade e concluímos que o seu canto das criaturas que conviven con nós fai abrollar emoción e suxire unha correspondencia naquelas e naqueles agradecidos coa vida e a súa contorna: “Alumarei con fachas de palabras, ancho herdo meu, o mundo que me deron”.

O seu tratamento poético non é solemne, non sobe a ningún estrado nin moqueta que o afaste do latexo espontáneo da vida, contaxia cos saloucos cotiáns. Non hai distorsións nin retórica, é a canle que escolleu para revelar os segredos e tesouros de cada criatura sen cousificala, arrincándolle a luz que agochan e facéndoa patente aos que gozan dos seus versos. Converte a convivencia cos obxectos que usamos cada día en sensacións que transmite con beleza e que chegan ao fondo dos lectores e nisto é un clásico moderno que, coa poesía, abre unha raiola de luz tamén nas tribulacións propias dos treitos de idade máis temperá.

Os seus son os saloucos creativos que lle provoca a convivencia co lugar, o tempo, as criaturas..., que sempre nos acompañan na travesía da vida e que están ao alcance de todas e todos, simplificando a interpretación literaria aos alleos á preceptiva, pero sen minimizar a súa forza expresiva.

Esta autenticidade provoca a identificación da mocidade co autor, *a ras de chao*, dende o terrón que están a pisar, aínda que cadaquén fai a súa propia andadura, pero a súa poesía admite varias lecturas que axudan a valorar a vida cotiá.

E xa estamos a desentrañar a fortuna das letras do 2014, como é a resposta activa deste sector da poboación ao talante persoal de Díaz Castro que a buscaba como o seu interlocutor preferido, sobre todo no outono da súa vida, no retorno ao colo da Nai Terra, porque adiviñaba na ollada a súa capacidade de sorpresa e emoción, nunha sociedade que os despreza como se a adolescencia fose un andazo que cómpre superar axiña e a mocidade un treito do que nada se pode agardar. O poeta converteu a Asociación Xuvenil Xermolos na súa casa e o Festival de Pardiñas na demostración anual da súa vitalidade, mentres outra xente anquilosada desprezaba o seu pulo creativo.

Díaz Castro partilla a inspiración co lector ou lectora, “inter pares”, como imos intuír en “Cántame, outra vez”. Emporiso, dános a oportunidade de aprender a ficar no eido de cadaquén, como a mellor guía para non dispersarse na infinidade de galaxias polas que podemos navegar a través das novas tecnoloxías ao noso alcance dende a infancia. Motivados pola inmensidade da nosa tribo, a que canta o poeta, intimamos coas esencias doutras tribos indíxenas ou urbanas noutras latitudes. Porén créase como unha simbiose, unha complicidade, convencidos ambos de que a arte é a expresión da camiñada en común.

Para remarcar esta vontade de estilo da súa obra, inserimos aquí un dos tres poemas definitorios, do “Pórtico” de *Nimbos*, o titulado “Coma brasas”:

Poeta ou non, eu cantarei as cousas  
que na soleira de min mesmo agardan.  
Alumarei con fachas de palabras,  
ancho herdo meu, o mundo que me deron.

Eí están, coma brasas contra a noite,  
as vellas cousas, cheas de destinos.  
Ollos que piden, de famentos nenos.  
Ollos que esperan, dunha adoescente.

¡Galiza en min, meu Deus, pan que me deron,  
leite e centeo e soño e lus de aurora!  
Longa rúa da mar, fogar da terra,  
e esta crus que nos mide de alto a baixo.

Con este alento, eu lles darei ás cousas  
o drama cheo que lles nega a vida:  
dareilles rostos, pra que se conozan,  
palabras lles darei pra que se entendan...

## URXE A TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL DA NOSA CULTURA

Onte mesmo estiven no centro de formación profesional Fernando Blanco de Cee e a directora compartía cos mestres como a impactara a atención das e dos alumnos naquela conferencia. Outro mestre advertía que, quizais influídos pola rutina espallada de que a xente nova “pasa”, nós mesmos tamén pasamos e non lles transmitimos as esencias do noso pobo. Acreditei nesta intuición, porque descubrín nestes encontros nos centros de ensino, nas asociacións xuvenís, que elas e eles agradecen que lles mostremos os sinais da nosa identidade. Non abonda con regulamentar o

uso dunha lingua que ten un código gramatical semellante a outras que aprenden no ensino; a mocidade quere sentir como propias afectiva e emocionalmente dende o leito da fala a xeografía, a historia, a flora, a fauna, as ciencias..., que foron enxergando as xeracións anteriores e que son as que definen Galiza como un pobo na diversidade do Universo. E isto estamos deturpándollo e espoliándollo as e os adultos coa xeneralidade da política, o ensino, as relixións, os medios de comunicación, etc. Díaz Castro actuou doutro xeito, dándonos unha poesía que nomea a paisaxe, as crenzas, a cultura..., coa fala que mamou, quizais polo rigor co que traducía os outros idiomas. Secasí, advertía que o máis doado non era memorizar as gramáticas, senón introducirse e ser fieis á urda afectiva que singulariza cada pobo, froito dunha paisaxe humanizada. Moitas veces a mocidade e crianzas perciben unha lingua elaborada no obradoiro filolóxico, que non ten moito que ver coa fala afectiva das e dos avós, o que os retrae na súa afección pola lingua nai. Díaz Castro tiña como obxectivo erguer a fala que mamou a unha categoría literaria, pero sen desvirtuar o leito emocional que sostivo o idioma dende sempre.

As familias non teñen futuro sen a achega da infancia e a mocidade, pero tampouco a cultura. Urxe este diálogo ou transmisión interxeracional para que a nosa fala, a paisaxe, o patrimonio literario sigan con vida. Temos unha traxectoria histórica que garante este razoamento, porque moitos eidos, ou todos, da nosa cultura chegaron vizosos ata aquí grazas a esta comunicación: o idioma, a literatura oral, a artesanía, as técnicas agrogandeiras ou da pesca...

Díaz Castro é, neste sentido, unha testemuña exemplar da formación integral das persoas dende o berce e da responsabilidade social e política que lles corresponde aos que guían o destino do noso pobo. Abofé que ficou sempre neste compromiso: “Eí están, coma brasas contra a noite/ as vellas cousas, cheas de destinos./ Ollos que piden, de famentos nenos./ Ollos que esperan, dunha adoescente”. O poeta sabe que nenos e adolescentes son interlocutores maravillosos para descifrar o noso patrimonio, lía nos seus ollos sempre escrutadores... Está a incidir, como bo mestre, na intelixencia emocional e imaxinativa, porque para el non abonda coa aprendizaxe literal e memorística. Empataron con tanta intensidade coa súa poesía porque os seus soños poéticos son como flashes que impactan a toda a persoa. Son un instante que perdura para sempre na súa sensibilidade, como captou Xosé Antón Cascudo no seu documental *O instante eterno*, que tamén presentou aquí, na Casa das Palabras. A lírica diazcastriana convértese nun relampo ou frechazo á primeira ollada ou primeiro ouvido, por iso foi musicada en todos os xéneros: folk, rock, rap, tango, a Real Filharmonía de Galicia..., como escoitaron estes lares na voz dos nenos e nenas do IES Poeta Díaz Castro na presentación dos actos do centenario. O canto acaelle á poesía como a expresión máis senlleira. O noso vate alterna ás

veces o “fálame” co “cántame”, como no poema xustamente titulado “Cántame ti outra vez”, e a miúdo identifica as dúas acepcións:

Cántame ti outra vez. Quero escoitarte.  
Xúntame na túa voz, que estou disperso.  
Dame ti o mármore, eu dareiche a arte,  
pra que o teu sangue corra no meu verso.

Creación dos dous sós será o poema,  
a vida mesma nos dá eiquí un ensino:  
Nunca na vida un brazo soio rema.  
¡Sinfonía de dous tecendo un só destino!

“Cántame ti, outra vez” (ou “Cóntame”) é unha loa á súa inspiración (na tradución do orixinal castelán xoga entre “cántame” e “fálame”) inserido no *Terceiro Caderno* co título de “Complemento directo” e editado despois no número 17 de *Dorna*, aparecido en xaneiro de 1991.

## FIEL Á LINGUA QUE MAMOU

Nos Séculos Escuros foron as xentes máis sinxelas as que deron vida ao noso idioma, mentres os letrados castelanizaban todas as súas actividades. Foi un momento decisivo para que non fenecese. Arestora tamén lles corresponde ser fieis á lingua coa que os arrolaron na súa crianza, comunicándoa con gallardía e nobreza aos máis novos, igual ca literatura oral, as cantigas, os ditos populares..., que conservan os nosos símbolos, o noso xeito particular de facer pobo.

Díaz Castro dignificou este labor co seu exemplo. Coñecedor de máis de quince idiomas polo seu oficio de tradutor, ficou sempre na lingua que mamou como a que expresaba mellor a súa personalidade, o celme da súa vida e obra que nel eran o mesmo. Esta erudición remarca a coraxe da elección a prol da súa fala.

Pero tamén inxecta na sociedade o seu carácter agradecido cos devanceiros, non só na fala, tamén pola conservación da paisaxe e da Terra nai, dunha alimentación sa, aprendendo a harmonizar coa natureza os labores e as festas da comunidade. O poeta apostou por esta cultura labrega da que teñen que sentirse protagonistas e valedores os maiores na convivencia cotiá, desterrando coma el calquera etiqueta de ruralismo ou vulgarismo. Para Díaz Castro era a verdadeira sabedoría, a da “Galiza que vai en min”. Se Otero Pedrayo loaba a unidade de vida e obra na súa escrita era polo afán do poeta en manter o equilibrio afectivo, impedindo calquera creba ou salto ao baleiro na súa traxectoria. E así rematamos, incidindo nesta tarefa sandadora que nos corresponde a todas e todos: seguir dando pulo ao

herdo sociocultural que recibimos en sorte como a mellor tarxeta de presentación neste mundo global.

Porén, a Festa de Díaz Castro foi unha convocatoria ás e aos cidadáns, familias, ensino, administracións, medios de comunicación..., a tomar conciencia da súa responsabilidade en cimentar a personalidade dos máis novos neste leito xerador de ronseis de vida.